

OLEIROS E O MAR

Oleiros é unha península bañada polas augas de dúas das rias máis importantes do norte da provincia da Coruña, nunha beira a ría máis poboada, a ría da Coruña, e pola outra a ría máis extensa, a ría de Betanzos - Ares.

En esta derradeira temos o porto de Lorbé que coa súa industria extractiva de mexilón, flota de baixura, asteleiro e a próxima conexión a Vía Artabra é unha fonte de riqueza e emprego para o concello de Oleiros ademais pola súa situación na boca da ría, ca creación dun gran porto deportivo desbancaría a Sada como porto de referencia da ría de Betanzos - Ares.

Na ría da Coruña temos portos en Mera e Santa Cruz, afundido un tramo recentemente, o estado dos portos na ría da Coruña é lamentable, non se entende que o Concello de Oleiros non teña un porto cuns servizos náuticos básicos nunha das rias máis poboadas de Galicia.

Para encher este vacío nós pensamos nunha ampliación do porto existente en Mera, a continuación expoñemos nosas razóns.

Mera é o pobo, por historia e tradición, mariñeiro de Oleiros, un pobo de xente emprendedora e pioneira na pesca (tarrafas a vapor, campañas ao bonito, bateas, fábrica de salazón no Xunqueiro, primeiros aparellos de nylon ect.) e no transporte pola ría, cun porto feito no ano 1906 donde nunca houbo unha ampliación ou millora significativa por parte das Administracións de turno, só boas palabras.

Moitos merachos aínda recordamos a finada Dña. María Victoria Fernández- España ou a D. Manuel Fraga prometendo un porto, cousa que nunca se cumpriu.

Dende sempre, a Confraría de Pescadores estivo a traballar por un muelle en condicións, hoxe o Clube Náutico Punta Bufadoiro reclama tamén un porto que satisfaga esta débeda que teñen as Administracións co pobo de Mera.

Un porto respetuoso co entorno que o rodea (dúas praias de Bandeira Azul como son Penatouro e Espiñeiro ademais do Monumento Natural "Costa de Serantes-Dexo").

Un porto que cumpra os seguintes requisitos:

Flota Artesanal de Baixura

Que os mariñeiros (8 barcos forman a Confraría son o M. Neira 2º, Vulcano, Corpiño, María José, Seixo Branco, Deseado, Ana Geli, Nuevo Sara e Mari) poidan embarcar e desembarcar seus aparellos sen problemas de atraque ou calado como agora existe (suspensión da Procesión da Virxe do Carme, recentemente), que poda ser utilizado como porto base aínda que, puntualmente, nos meses duros do inverno teñan que amarrar na Coruña, como se fixo sempre.


OLEIROS E O MAR

Nautica Deportiva

Que a nautica deportiva teña uns servicios minimos (toma de auga e electricidade, grua, explanada para invernaxe de embarcacións coma no porto de Suevos, por exemplo, podendo ser utilizada de aparcadoiro para as praias, no vran).

Reorganizar o fondeadero de toda a vida ZONA A (ver foto) para evitar situacións de risco (colisións de embarcacións) e o caos existente(cabos nas hélices , aparellos nas amarras)

SOLICITUD LAMINAS AGUA EN MERA



Turismo

Un porto onde poder desenrolar proxectos de turismo mariñeiro e turismo medioambiental (xornadas de pesca en embarcacións da 3ª lista, excursións maritimas en embarcacións tradicionais polo monumento natural " Costa de Serantes-Dexo") aproveitando os recursos naturais que temos e dando a pesca de baixura unha nova actividade económica.

Un porto onde crear un servizo de transporte maritimo entre Coruña-Mera para que a xente que nos visite ou veña as nosas praias non necesite vir en coche, evitando asi moitos problemas nas rúas de Mera(coches aparcados nas portas das casas,atascos por coches mal estacionados ect.) ademais de axudar a desconxestionar a AC-173, unha das estradas comarcais con mais tráfico de toda Galicia.

Habilitar un fondeadero no Xunqueiro ZONA B(ver foto) pra os veleiros, iates e demais embarcacións que nos visitan no vran, xa sexa o fin de semana ou de paso, e darlles a opción que nas suas lanchas auxiliares poidan baixar a terra no porto (agora mesmo e imposible) engadindo unha nova fonte de ingresos a hostelería e comercio da zona.

OLEIROS E O MAR

Deportes nauticos

RECORTE DE PRENSA DA PARTICIPACIÓN DO CLUBE DE REMO NO CAMPEONATO DE ESPAÑA DE BATEIS CELEBRADO NA RIA DE BILBAO NOS ANOS 50



Un porto onde o Clube Deportivo Mariñeiro de Mera, o clube de remo mais antigo de Oleiros, e a futura escola de vela do Clube Nautico Punta Bufadoiro ca súa buceta do Golfo Artabro recén recuperada, desenrolen suas actividades con normalidade (pantalán de embarque como na Fábrica en Perillo, almacén para o material deportivo e vestuarios adecuados ect.).

Como poden ver, este non é un megaporto deportivo de 500 ou 1000 prazas con hipermercado incluído.

É un porto integrado no entorno que o rodea, unha ampliación do porto existente na entrada de Mera, un espazo onde convivan a flota artesanal de baixura, o turismo, os deportes nauticos, a nautica deportiva, as praias de Bandeira Azul, con novos servizos que faría de Mera e por suposto do Concello de Oleiros, un referente do nautismo sostible.

Este e o camiño a seguir, o turismo náutico, medioambiental e de calidade é o futuro do Concello de Oleiros, como poden ver no plano que adxuntamos xa existen estudos e proxectos para dita ampliación (este é do Concello de Oleiros do ano 2003) o único que falta é a vontade e o compromiso de todas-as Administracións para realizalo.

OLEIROS E O MAR



PN	X	Y
1	000000	000000
2	000000	000000
3	000000	000000
4	000000	000000
5	000000	000000
6	000000	000000
7	000000	000000
8	000000	000000
9	000000	000000
10	000000	000000
11	000000	000000
12	000000	000000
13	000000	000000
14	000000	000000
15	000000	000000

LEYENDA
 PLANIMETRIA
 PAVIMENTO DE HORMIGÓN
 ESCALA: 1:500
 HOJA: 4.2
 CONCELLO DE Oleiros
 INSTALACIONES PORTUARIAS EN MERA (A CORUÑA)
 ALVARO GONZALEZ
 INGENIERO DE OBRAS
 I.C.E.S.S.

OLEIROS E O MAR
